


1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Louro no extremo sudoccidental e San Pedro de Muros no resto. Extensión: 0,38 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Vertente acantilada de litoloxía granítica que forma unha enseada rochosa na liña de contacto co mar. As pendentes destas ladeiras orientadas ao O. -SO., aumentan cara ao nordeste, con valores comprendidos entre o 40 e o 60%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atópase dentro do Dominio herciniano, aparecendo un granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15° C e a amplitude térmica rolda os 13° C. As precipitacións medias oscilan entre 1200 mm e 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

Dominio dos solos pouco evolucionados do tipo regosol cun perfil esquelético de dous horizontes e leptosol lítico naqueles sectores onde aflora maioritariamente o substrato rochoso (tramos acantilados e cabeceira da vertente). Tan só se atopan enclaves de cambisoles dísticos en terreos de escasa pendente.


AS AUGAS

A unidade sitúase nunha superficie de ladeira que deixa poucas opcións ao desenvolvemento dunha rede de drenaxe estruturada. O principal arroyo é o que situado ao oeste da unidade, desemboca na praia Prudencia, na masa de Augas Costeiras 20174 da Ría de Muros e Noia.

O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade con acantilados rochosos, plataformas rochosas e praias de coios. Destaca, pois, na fronte costeira, o hábitat 1230, de acantilados mariños atlánticos e o 1210, de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, nas praias de coios, sobre todo na de gran tamaño existente na Enseada da Cova. O interior está ocupado por eucaliptais, quedando algúns sectores de ambientes do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica e de matogueira, principalmente a breixeira seca europea (4030) e, aínda que moi degradada, breixeira seca costeira de Erica vagans, en lugares próximos aos cantís.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maior parte da superficie da unidade está poboada de árbores de repoboación intercalada con masas de vexetación costeira. Destacar a presenza dun equipamento na zona sur e varios miradoiros ao longo da AC-550.

MORFOLOXÍA

Na unidade non existe ningún asentamento, xa que a súa vertente acantilada non o favorece, non obstante, na zona central penetra a periferia do núcleo tradicional Campo de Cortes. No sur da unidade distínguese o cemiterio do mesmo núcleo, pertencente á unidade de Muros.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Continúan o seu percorrido por esta unidade as vías AC-550 e C-5303, que proveñen da unidade anterior Enseada de San Francisco.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio catalogado que se atopa na unidade está composto polo Faro de Rebordiño, coa súa orixe en 1909, é un faro coqueto de aire residencial que se atopa ás portas do conxunto histórico de Muros. Hoxe en día o seu servizo foi asumido polo faro de Punta Insua e polo tanto o edificio quedou en desuso aínda que non en ruínas. O outro elemento patrimonial é a Capela de San Marcos, situada no monte, entre Campo das Cortes e Louro. Ten nave e capela maior rectangular cuberta con bóveda de canón apuntado. No seu interior existen modillóns de diversas formas (animados, triangulares e de rolo). Na porta da capela aparece inscrita a cifra de 1480, posible data da súa fundación.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade eminentemente natural, onde destaca o seu relevo abrupto poboado de vexetación costeira e árbores de repoboación, e atravesado polas vías de comunicación co seu miradoiros cara á Ría de Muros e Noia.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O valor desta unidade reside no seu alto grao de naturalidade, na expresividade da enerxía do seu relevo e nas excelentes vistas que ofrece dende os seus miradoiros ou dende o Faro Rebordiño. Dende este obtéñense unhas boas visuais do conxunto histórico artístico de Muros, do muiño de mareas Serres e do Alto de Paxareiras.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS




A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



